

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de abril de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill

NON ASISTE:

D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás dúas horas e dez minutos do día vinte e catro de abril de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(382).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4065/2002 INTERPOSTO POR D. MANOEL SOTO FERREIRO, EN RELACIÓN CON ACORDO DO CONCELLO DE 26.11.01 SOBRE ACTIVIDADE FUNERARIA. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 3.04.06, dictada no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto pola procuradora dona María de los Ángeles Fernández Rodríguez, en nome e representación de D. Manoel Soto Ferreiro, en relación co acordo do Concello de Vigo de data 27.09.01 polo que se acordou suprimir os servizos mortuorios como servizos de competencia municipal, novar de mutuo acordo o contrato subscrito polo Concello con “Funeraria Víguesa S.A.” con data 11 de setembro de 1987, facultar Aos representantes municipais na xunta xeral de EMORVISA convocada ao efecto para aprobar a modificación total dos estatutos da

sociedade e da aprobación duns novos e facultar ao Alcalde-Presidente do Concello para que en execución do acordo poida transferir a “Funeraria Viguesa S.A.” 1230 accións das 1530 que lle pertencen, e declaramos que o acto recorrido é conforme a dereito, e o anulamos totalmente; sen imposición das custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza e da presentación do recurso de casación realizada en data 31.03.06.

2(383).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 04/4552/2003 INTERPOSTO POR D^a. BERTA VEIGAS FANO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza, de data 23.11.05, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia interposto contra resolución da Comisión de Goberno do 31.03.03 pola que se desestima a reclamación por responsabilidade patrimonial do Concello de Vigo en relación coa caída sufrida pola recorrente. A sentenza falla o seguinte:

Que estimando parcialmente as pretensións deducidas no presente recurso contencioso-administrativo, debemos declarar e declaramos a responsabilidade patrimonial do Concello de Vigo e a obriga deste de indemnizar á aquí demandante na cantidade de 3.108,75 € por danos e prexuízos.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta aos Servizos de Patrimonio e Contratación, Intervención e Tesourería.

3(384).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4028/2002 INTERPOSTO POR D^a AURORA CARRERA COVELO CONTRA RESOLUCIÓN DE 21.05.02 DESESTIMATORIA DE REC. REPOSICIÓN CONTRA RESOLUCIÓN DE INADMISIBILIDADE DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 7.09.05, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que desestimando como desestimamos a causa de inadmisibilidade oposta polo Concello de Vigo, procede estimar en parte as pretensións deducidas no recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual de D^a. Aurora Carrera Covelo contra as resolucións do Alcalde do Concello de Vigo de data 21.05.02 e 14.06.01, que acordan a inadmisión da petición deducida pol actora, que se anulan e deixan sen efectos pola súa disconformidade co Ordenamento Xurídico, ao propio tempo que procede desestimar a pretendida declaración de responsabilidade patrimonial do Concello de Vigo; e iso sen facer especial pronunciamento respecto á imposición das custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

4(385).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 63/06 INTERPOSTO POR Dª MARIA TERESA RAMOS SÁNCHEZ CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 21.03.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo estimar e estimo en parte a demanda formulada pola letrada Marta Gallego Ramos, en nome e representación de María Teresa Ramos Sánchez, contra a resolución da Xunta de Goberno do Concello de Vigo de 14 de novembro de 2005, pola que se desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola demandante como consecuencia da caída padecida o día 15 de maio de 2004, anulado a mesma e condenando ao Concello demandado a que aboe á actora a cantidade de 3928,96 euros, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta aos Servizos de Patrimonio e Contratación e Intervención-Fiscalización.

5(386).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 80/06 INTERPOSTO POR D. MANUEL CARLOS MODELO PEREIRA CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE SEGURIDADE DESESTIMATORIA DE REC. REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA SANCNIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 24.03.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo estimar e estimo a demanda formulada polo letrado D. Abraham Tenoria Reina, en nome e representación de Manuel Carlos Modelo Pereira, contra a resolución de 25 de novembro de 2005, dictada polo concelleiro delegado de Seguridade, pola que se desestima o recurso de reposición interposto contra a sanción de 45 euros, imposta no expediente 10501118906, pola suposta infracción de circular sen facer uso do cinto de seguridade, cometida o 27 de xullo de 2005, na rúa Marqués de Valladares, anulando a mesma, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta oa Servizo de Seguridade, Circulación e Transportes.

6(387).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 15/06 INTERPOSTO POR D^a. MARÍA CORAL REY FERRÁN CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE SEGURIDADE DESESTIMATORIA DE REC. REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA SANCION DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 24.03.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo a demanda formulada pola letrada D^a Esther Bueno Rey, en nome e representación de María Coral Rey Ferrán, contra a resolución do concelleiro delegado de Seguridade de 27 de outubro de 2005, dictada no expediente 10501070119, pola que se desestimou o recurso de reposición interposto pola actora contra a sanción de 150 euros imposta pola suposta infracción de exceso de velocidade, ao circular, o 2 de abril de 2005, a 66 km/h tendo a limitación a 40 km/h, á altura do número 53 da Avda. de Samil, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos Servizos de Seguridade, Circulación e Transportes.

7(388).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 03/8395/01 INTERPOSTO POR D. JESUS CONDINES IGLESIAS CONTRA ACTUACIÓN EN VÍA DE FEITO DE AUGAS DE GALICIA CONSISTENTE NA OCUPACIÓN DE PARTE DE FINCA POLAS OBRAS DO PROXECTO “RECUPERACIÓN DE CAUCES NATURAIS, SEPARAICÓN DE AUGAS PLUVIAIS E ACTUACIÓNS PUNTUAIS NA REDE DE SANEAMENTO”. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 15.03.06, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que falla o seguinte:

Que debemos estimar e estimamos en parte a demanda formulada pola representación procesual de D. Jesús Condines Iglesias contra a actuación en vía de feito do organismo autónomo Augas de Galicia, adscrito á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, consistente na privación do seu dereito de propiedade sobre unha franxa de terreo da finca denominada “Barxa de Beirán de Arriba”, pola realización de obras no río Centeira, determinantes da alteración do curso do río, así como da ocupación e limitación de dita finca efectuada en manifesta vía de feito; en consecuencia se anula e se acorda a demolición das obras na súa virtude executadas, a reposición das cosas ao estado en que se atopaban con anterioridade ao inicio destas; o resto da pretensión no que se aparte do particular precedente se desestima, todo iso sen facer expresa imposición de custas a ningunha das partes.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

8(389).- BASES DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR PARA O CURSO 2006/07. EXPTE. 13632/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.04.06, o informe xurídico do 7.04.06, e de acordo co informe-proposta da traballadora social, do 5.04.06, conformado polo xefe do Sector de Acción Social e pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases das axudas municipais escolares de libros e comedor nos centros públicos ou con concerto pleno de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria, curso 2006/07.

2º.- Aprobar o gasto de 60.000,00 euros para axudas municipais escolares de libros para o curso 2006/07. Esta cantidade deberá librarse a Mª Jesús Sanromán Varela, con NIF 36018668-R, mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do departamento de Benestar Social 2080.0000.74.0040242619.

3º.- Aprobar e dispor o gasto de 340.000 euros para axudas municipais escolares de comedor para o curso 2006/07. Desta cantidade 140.484,36 euros imputaranse ao exercicio 2006, o resto, 199.515,60 euros con cargo ao exercicio do ano 2007. Ambas as dúas cantidades serán aboadas mediante libramento a xustificar na conta habilitada do departamento 2080.0000.74.0040242619.

BASES AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS E COMEDOR NOS CENTROS PÚBLICOS E CON CONCERTO PLENO DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDA ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO, CURSO 2006/2007.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Constitución española, no seu artigo 39, considera a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

A Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/1997, de administración local de Galicia, no seu artigo 80.2.k, establecen a competencia dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos de competencia xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27).

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais, no artigo 21 atribúelles aos concellos, entre outras competencias, a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria. Do mesmo xeito, o artigo 50 determina que as administracións poderán conceder, nas condicións que legal e regulamentariamente se establezan, prestacións e axudas económicas a persoas que se atopen en estado de necesidade, marxinación social, necesidade material, etc.

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, de protección xurídica, económica e social da familia, establece como un dos principios rectores da actuación dos poderes públicos, o de desenvolver unha política integral de apoio á familia

que teña en conta as súas necesidades básicas, tales como a vivenda, a educación, a cultura e o traballo, aplicando para a consecución destes fins medidas tanto preventivas como paliativas.

O artigo 5 da citada Lei 3/1997, atribúe competencias aos municipios en materia de protección á familia, infancia e a adolescencia, para o que os Concellos actuarán directamente no ámbito familiar achegando recursos e prestacións ás familias que presenten aspectos carenciais.

O proxecto de axudas municipais escolares de libros e comedor leva facéndose no Concello de Vigo 19 anos, observándose un crecemento tanto na demanda coma no seu orzamento. Van destinadas a alumnos/as matriculados en centros públicos ou con concerto pleno, empadroados e pertencentes a unidades familiares en situacións carenciais.

Por todo isto convocase a concesión de axudas municipais de libros e comedor, conforme ás seguintes bases, no marco xurídico definido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

É obxecto da presente convocatoria regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias do alumnado de colexios públicos e privados concertados con concerto pleno, de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con domicilio en Vigo, para o curso 2006-2007.

As axudas de libros e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas.

As modalidades de subvención serán:

1. Axudas para a adquisición de libros de texto.
2. Axudas para comedores escolares (outubro a maio, ambos-los dous incluídos).

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

O fin último das subvencións é o de favorecer a integración socio laboral dos pais, nais, titores ou acolledores, apoiando a unidade familiar que por escaseza de recursos económicos non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.- Contía

A contía da presente convocatoria ascende a un total de 400.000 €, considerados na partida 3130.4810000 do orzamento de gastos do presente exercicio, coa seguinte distribución:

- 60.000 euros para axudas á adquisición de libros.
- 340.000 euros para axudas de comedor

TERCEIRA.- Publicidade e prazo

A publicación das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades Básicas de Acción Social (UBAS) e na páxina de internet www.vigo.org, anunciaranse no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria, así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterada por medio de anuncios nos medios de comunicación.

O prazo de presentación de solicitudes fíxase do 2 ó 12 de maio ambos inclusive.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención, individualmente considerada, supera os 3.000 €, ou no taboleiro de anuncios do Concello e das UBAS nos restantes casos, con expresión do alumno/solicitante/expediente/colexio/finalidade da subvención (libros-comedor), a resolución recaída (concedido-denegado ou lista de espera).

CUARTA.- Beneficiarios

A presente convocatoria engloba dous tipos de beneficiarios, agrupados nas modalidades A e B, que deben reunir os requisitos que se sinalan:

Modalidade A.- Por concorrencia competitiva.

Modalidade B.- Con carácter excepcional.

Os beneficiarios estarán o deberán estar matriculados, para o curso 2006/2007, en centros públicos ou concertados no seguintes cursos:

- Educación Infantil (2ª etapa) 3 a 5 anos*
- Educación Primaria 6 a 12 anos*
- Educación secundaria obrigatoria 12 a 16 anos*

QUINTA.- Compatibilidade

As axudas municipais escolares de libros e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade, de organismos públicos ou privados, comprometéndose o solicitante a comunicalo e reintegralo ó Concello no caso de haber percibido outra axuda, excepto as que concede o Concello de Vigo, a través das FOAMPAS, para comedor

Non poderán acceder as axudas de libros aquelas familias con alumnos/as matriculados/as nos cursos que se implanten ou estén implantados a gratuidade dos libros de texto a través da Xunta de Galicia.

Os alumnos/as tutelados/as pola Xunta de Galicia tampouco poderán acceder as axudas de libros e comedor. No caso que tiveran axuda de comedor concedida, e fosen tutelados pola Xunta, esta sería revocada.

Especificamente, non se concederán axudas municipais escolares de libros a aqueles menores dos que se teña coñecemento que repiten curso.

SEXTA.- Requisitos

Serán requisitos necesarios para a concesión das axudas:

- A unidade familiar deberá estar empadroada (a comprobación realizarase polo propio departamento) e residir de modo efectivo no concello de Vigo.*
- Convivir cos alumnos/as para os que se solicitan as axudas.*
- Estar matriculado ou ter reserva de matrícula para o curso escolar da respectiva convocatoria.*

- *Con respecto á axuda de comedor debese contar con praza no centro, de non ser así aínda tendo concedida a axuda non se fará efectiva.*
- *Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados en centros públicos ou con concerto total, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.*
- *Ter presentado a solicitude e documentación durante o prazo estipulado.*
- *Que a renda per cápita mensual da unidade familiar non exceda de300,00 €*
- *Que os centros para os que se solicita a axuda estén ubicados no termo municipal de Vigo.*

Para os efectos destas axudas enténdese por unidade familiar:

- A formada polos cónxuxes e seus descendentes, que convivan habitualmente.*
- Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.*
- A formada polo posible beneficiario e seus acolletores de feito ou de dereito, que convivan habitualmente.*
- A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompen a convivencia para estes efectos.*

SÉTIMA.- Sistemas de solicitude e documentación

Solicitude:

Os solicitantes, independentemente de que obtivesen axuda na convocatoria anterior, deberán participar como demandantes de nova adxudicación, na modalidade A da base cuarta, para o que subscribirán impreso de solicitude segundo modelo I.

Documentación

- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante.*
- Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.*
- Fotocopia da declaración do IRPF e do patrimonio, no caso de facela, do exercicio 2004 correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar, ou certificado negativo expedido pola Administración Tributaria.*
- Xustificantes de ingresos de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos:*
 - *Para traballadores en activo: fotocopia das tres últimas nóminas.*
 - *Certificado do INEM sobre prestacións (dos tres últimos meses) e vida laboral.*

- Para pensionistas: xustificante de pensión/s mensual/ais (viudedade, orfandade, non contributiva, etc...) no seu caso, certificado negativo emitido polo INSS.
- Para desempregados: fotocopia tarxeta demanda de emprego, e vida laboral.
- Os perceptores da RISGA aportarán unicamente o xustificante da contía mensual que percibe.

Nos supostos en que exista imposibilidade de documentar determinadas situacións de carencia económica, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada dos interesados que só terán validez cando vaia acompañado de certificado de vida laboral.

- a) Xustificante do centro escolar no que se indique o curso no que esta matriculado o alumno/a e a reserva de praza para o curso 2006/2007. No caso de que tamén solicite axuda de comedor, reseñar se ten reserva de praza deste servizo para o curso 2006/2007
- b) No caso de separación ou divorcio, deberase acompañar convenio regulador así como documento xustificativo das achegas económicas actualizadas, ou no seu defecto, denuncia por incumprimento.
- c) Fotocopia da certificación do grao de minusvalidez no caso que algún membro da familia esté afectada por ela, ou resolución de invalidez.
- d) Calquera outra que se considere conveniente na instrución do procedemento de concesión.
- e) No suposto de resultar beneficiario das axudas de libros, no momento de recibir o talón presentará factura xustificativa orixinal.

No caso de que algúns documentos requiridos no poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, sustituirase por unha declaración de compromiso/xurada.

OITAVA.- Formalización de solicitudes

Os solicitantes das axudas consideradas nas presente bases presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

NOVENA.- Tramitación e reparación de erros

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Departamento de Benestar Social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e si fora o caso, requerirá para subsanación da solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no artic. 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos requiridos, informaráselle de que, de non o facer, teráselle por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999 indicada.

O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que de determinan na base décima, e fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O/a instructor/a do

procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades Básicas de Acción Social.

Rematada a instrución do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na base undécima.

DECIMA.- Criterios de valoración

As solicitudes valoraranse tendo en conta os aspectos sociais e económicos dos compoñentes da unidade familiar, que sumadas conformarán a puntuación final.

No caso de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a lista de adxudicación por orde inverso á da contía da renda per cápita da unidade familiar.

Aspectos sociais

- Por cada menor de 16 anos..... 1 punto
- Familia monoparental..... 3 puntos
- Por cada alumno solicitante en acollemento familiar..... 2 puntos
- Por cada membro da unidade familiar en situación de desemprego..... 2 puntos
- Perceptor/a de RISGA o Pensión no contributiva..... 5 puntos

(incompatible con situación de desemprego)

- Descapacidade

Por cada membro afectado por algunha minusvalía legalmente cualificada 1 punto

- Cando o menor se atope en situación de desprotección ou risco, un máximo de 3,5 puntos.

As situacións de desprotección ou risco valoradas polos/as técnicos/as de servizos sociais, corresponderán ás seguintes:

- Dificultades de atención ao menor por parte da súa familia, orixinada pola ausencia de hábitos de coidados adecuados ou a existencia de antecedentes de risco0,50 puntos.
- Disfuncionalidade da dinámica familiar que se orixina pola tensión xerada polas situacións de inestabilidade laboral e/ou precariedade económica..... 0,50 puntos.
- Dificultades de atención ao menor a causa de enfermidades físicas e/ou psíquicas dos seus coidadores (alcohol, drogas, discapacidades) 0,50 puntos.
- Problemas de desaxuste familiar ou socio-familiar que poida afectar ao desenvolvemento normalizado do menor 0,50 puntos.
- Problemas específicos do menor 0,50 puntos
(rexeitamento social, fracaso escolar, absentismo, conflito na escola, etc.)

- *Menores en proceso de intervención social en programas municipais* 0,50 puntos.
 - *Menores que habitan en viviendas con características de infravivenda, chavolismo ou amoroamento* 0,50 puntos.
- TOTAL ATA..... 3,50 PUNTOS

A puntuación destes aspectos sociais son acumulables.

Aspectos económicos

A valoración económica farase tendo en conta a renda per cápita mensual da unidade familiar.

- *0 a 29.95* 8.5
- *29.96 a 68.50* 7.5
- *68.51 a 107.05* 6.5
- *107.06 a 145.60* 5.5
- *145.61 a 184.15* 4.5
- *184.16 a 222.70* 3.5
- *222.71 a 261.25* 2.5
- *261.26 a 300.00* 1.5

DÉCIMO PRIMEIRA.- Valoración de solicitudes

A Comisión de Valoración integrada polo/a concelleiro/a delegado/a que actuará de presidente; o xefe de Sector; a técnica responsable do programa e a técnica do departamento xurídico administrativo que actuará como secretaria, elaborará a proposta de concesión tendo en conta o número de solicitudes puntuadas en relación cos créditos dispoñibles.

A proposta de concesión conterá a relación na que se indicará todos os solicitantes que participan na convocatoria. Os beneficiarios, puntuación, expediente, colexio, curso, concepto (libros e comedor), resolución das axudas, se son concedidas o seu importe non poderá superar o crédito consignado e se son denegadas o motivo segundo o estipulado nas bases.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da instructora do procedemento previo informe da Comisión de Valoración, acordará conceder as subvencións con cargo ao orzamento do Concello do ano 2006, por uns importes máximos de 60.000 € para axuda de libros e material escolar e 340.000 € para comedor, con cargo á partida 3130.4810000 “Becas Libros e Comedor”.

A Comisión de avaliación poderá solicitarlles aos profesionais do Departamento de Benestar Social os informes que considere necesarios antes de formular a proposta de concesión das axudas.

O traslado de centro docente, dentro do municipio, non supón para o beneficiario, a perda da axuda, sempre e cando, no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ao Departamento de Benestar Social para súa autorización. O traslado, de producirse, surtirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte ao da notificación.

De producirse baixas entre os beneficiarios das axudas escolares de libros e comedor, estas poderán ser cubertas por outros alumnos, que téndoa solicitado por calquera das modalidades fixadas na cláusula cuarta, atópanse na lista de espera, independentemente do colexio ao que pertenza, sempre que exista crédito.

DÉCIMO SEGUNDA.- Selección e adxudicación

A instructora do procedemento, previo informe da Comisión de Valoración elevará a proposta de adxudicación das axudas á Xunta de Goberno Local.

Se non recae resolución expresa no prazo de cinco meses, que contará desde a data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, deberá entenderse desestimada. Contra da resolución expresada ou presunta, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo ou directamente na forma, prazo e condicións que determina a Lei reguladora da dita xurisdición.

DECIMO TERCEIRA.- Modalidade excepcional

Co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado que se puidese presentar ao longo do curso escolar, como á incorporación ao sistema educativo, poderá procederse á concesión de axudas de libros e comedor con carácter excepcional, debidamente xustificadas ante a Comisión de Valoración a que aluden as bases décimo primeira e conseguinte aprobación da Xunta de Goberno Local, sempre e cando cumpran os requisitos de concesión, acheguen a documentación requirida e exista dispoñibilidade orzamentaria.

DECIMO CUARTA.- Contía e pagamento das axudas

Para libros.-

Educación infantil (3,4 e 5 anos) 62,00 €
Educación secundaria obrigatoria (12 a 16 anos)116,00 €

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez por medio de talón bancario, tras a presentación de factura orixinal.

Nos casos especiais e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do beneficiario, aboaráselle ao/a profesional da UBAS ou Programa, que disporá o pago da contía que se subvenciona directamente no establecemento subministrador do material escolar.

Para comedor .-

O prezo da praza de comedor será aprobado polo Consello Escolar de cada centro ou pola FOANPAS, extremo que deberá ser comunicado ao Departamento de Benestar Social do Concello.

A axuda municipal por este concepto, por mes e alumno/a será de 40 € como máximo.

A diferenza, de habela, entre o prezo da praza e a axuda municipal deberá ser pagado polo pai, nai ou titor.

A contía das axudas municipais escolares de comedor aboarase a mes vencido (de novembro a xuño) á conta bancaria do centro no que está matriculado o alumno/a coa axuda concedida.

Con anterioridade o Departamento de Benestar Social enviará o listado mensual ao centro, no que constará o nome do pai, nai, ou titor dos/as alumnos/as con axuda de comedor e o importe para aboar.

Na primeira semana de cada mes o pai, nai ou titor asinará no colexio o listado amentado no apartado anterior, o que constata que este servizo foi utilizado.

DÉCIMO QUINTA.- Obrigas do beneficiarios

Os beneficiarios das axudas de comedor deberán asumir as seguintes obrigas:

- Utilizar o servizo de comedor todo o mes, agás causas xustificadas.*
- Comunicarlles ás Unidade Básicas de Acción Social que lle corresponda por domicilio ou ó centro educativo as baixas.*
- O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ao que pertence o alumno/a, o Consello Escolar do centro poderá adoptar as medidas que crean oportunas. Se a medida adoptada fose a expulsión do servizo de comedor, a axuda suspenderase polo tempo que esta dure.*
- O pai, nai ou titor está obrigado a asinar os listados mensuais da axuda de comedor no centro escolar no que estea matriculado o alumno/a. De non ser así o Concello non fará efectivo o pago ao centro educativo; e poderá chegar mesmo a dar de baixa a axuda por incumprimento das normas estipuladas.*
- O aboamento por parte do pai, nai ou titor da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda percibida.*

DÉCIMO SEXTA.- Revocación e réxime sancionador

Procede a revocación das subvencións concedidas nos seguintes casos:

- a) Non destinar a axuda ao fin para o que foi concedida*
- b) No caso de axudas para comedor, cando o Concello teña coñecemento da ausencia a este, sen causa xustificada, por un período continuado de catro días, ou sete alternos no período dun mes, sen que lle fose comunicado ao centro ou ao Concello na forma prevista na base anterior.*
- c) Todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

As entidades, beneficiarios, etc., quedarán sometidos ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Norma final

En todo aquilo non previsto na presente convocatoria estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvención.

9(390).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA II CARREIRA SOLIDARIA CO LEMA “CORRER POR SOLIDARIDAD” O DÍA 30.04.06 NA TRAVESÍA DE VIGO. EXPTE. 6115/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 10.04.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar os colexios Monterrey, San Fermín e Quiñones de León así como a Comerciantes da Travesía e a asociación Pueblos sin Fronteras a desenvolver o vindeiro día 30 de abril de 2006 a II Carreira Solidaria co lema “Correr por Solidaridad”, que está previsto que se realice na Travesía de Vigo entre a rotonda anterior o paso soterrado e a rotonda que está a carón do colexio San Fermín, entre as 09:00 h. e as 14:00 h.

10(391).- SOLICITUDE DO ANPA LAMEIRA DO CEIP JOSEFA ALONSO DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “CROSS ESCOLAR JOSEFA ALONSO-MATAMÁ 06” O DÍA 30.04.06. EXPTE. 6116/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 31.03.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a ANPA Lameira do CEIP Josefa Alonso a organizar o vindeiro día 30 de abril de 2006 a proba deportiva denominada “Cross Escolar Josefa Alonso-Matamá 06”, con saída e meta no CEIP Josefa Alonso, está previsto que se desenvolva nos arredores do colexio e polas rúas Manuel de Cominges, Pazo e Barxa entre as 10:30 h. e as 14:00 h.

11(392).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA RP3 DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “COPA DO MUNDO DE MOUNTAIN BIKE” OS DÍAS DO 4 O 7 DE MAIO EN CORUXO. EXPTE. 6121/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.04.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Agrupación Deportiva RP3 a organizar os vindeiros días 4, 5, 6 e 7 de maio de 2006 a proba deportiva denominada “Copa do Mundo de Mountain Bike”, nas especialidades de descenso e Four Cross, que está previsto que se desenvolva nos montes de Fragoselo en Coruxo nos horarios seguintes:

- Xoves 4 de maio: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 15:00 h. a 17:00 h.
- Venres 5 de maio: de 10:00 h. a 15:00 h. e de 17:00 h. a 18:00 h.
- Sábado 6 de maio: de 10:00 h. a 15:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.
- Domingo 7 de maio: de 10:00 h. a 15:00 h.

12(393).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA RP3 DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “GRAN PREMIO GUAKE DE MOUNTAIN BIKE” OS DÍAS 29 E 30 DE ABRIL EN CORUXO. EXPTE. 6122/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.04.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Agrupación Deportiva RP3 a realizar os vindeiros días 29 e 30 de abril de 2006 a proba deportiva denominada “Gran Premio Guake de Mountain Bike” que está previsto que se desenvolva nos montes de Fragoselo en Coruxo e nos horarios seguintes:

- Sábado 29 de abril: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 15:00 h. a 17:00 h.
- Domingo 30 de abril: de 10:00 h. a 15:00 h."

13(394).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA RP3 DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “II DIRT JUMP SHOW” O 5.05.06 NA RÚA PRÍNCIPE. EXPTE. 6123/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 17.03.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a a Agrupación Deportiva RP3 a organizar o vindeiro día 5 de maio de 2006 a proba de exhibición deportiva denominada “II Dirt Jump Show., no cruce das rúas Velázquez Moreno e Príncipe, a partir das 19:30 h.

14(395).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS UNIÓNS COMARCAIS DOS SINDICATOS: UGT, CCOO E CIG EN MATERIA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ. EXPTE. 2854/320.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 20.02.06, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prorrogar o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e as Unións Comarcais de CC.OO., U.G.T. e C.I.G. desde o 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2006.

2º.- Aprobar o seguinte programa de actividades presentado polas centrais sindicais:

PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2006	ORZAMENTO
------------------------------	-----------

<u>UGT.:</u>	
✓ Servizo de información e atención ao cidadán	12.500,00 €
✓ Xornada: “A acción protectora da atención ás situacións de dependencia”	900,00 €
✓ Xornada: “A incorporación dos xoves ao mundo do traballo”	900,00 €
Total	14.300,00 €
<u>CCOO.:</u>	
✓ Servizo de información e atención ao cidadán .	9.347,62 €
✓ Xornada: “Mutuas: asistencia e custo social-A saúde laboral nos centros de traballo	2.850,00 €
✓ Xornada: “Xuventude e Iniciativas de Emprego”	2.825,00 €
✓ Xornada: “A deslocalización de empresas na U.E”	2.700,00 €
Total	17.722,62 €
<u>CIG.:</u>	
✓ Servizo de información e atención ao cidadán .-	15.500,00 €
✓ Charla-coloquio: “Directivas europeas e a súa repercusión social”.	800,00 €
✓ Charla-coloquio: “Marxinación e exclusión social; a nosa perspectiva sindical”.	800,00 €
Total	17.100,00 €

17 3º.- Autorizar e dispoñer un gasto por importe total de 41.455,00 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, distribuído conforme as cantidades estipuladas no punto segundo a favor das devanditas Unións Comarcais, con cargo á partida orzamentaria de Participación Cidadá, 463.1.489.00.03.

15(396).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE PLACAS COS NOMES DE VÍAS PÚBLICAS DE VIGO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 271/234.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas de subministración para a adquisición de placas cos nomes das vías públicas de Vigo, do 13.01.06, o prego de cláusulas administrativas para dita subministración, do 24.03.06, visto o informe xurídico do 22.03.06, e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado, do 10.03.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro de Facenda e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 29.960 euros para a subministración de placas cos nomes de vías públicas de Vigo que se imputarán á partida 5510.221.09.00 do presuposto do ano 2005.

2º.- Aprobar o prego de condicións para a subministración de placas cos nomes de vías públicas de Vigo por procedemento negociado.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

16(397).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes do xefe de Negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a COVSA, CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. a fianza por importe de 23.200 €, constituída para responder da subministración de mesturas bituminosas xa que foron recibidas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1228/241.

b) Devolver a MOVEX VIAL S.L. a fianza de 597,44 € constituída para responder das obras de canalización en GranVía xa que as obras foron recibidas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1224/241.

c) Devolver a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS a fianza por importe de 3.170,89 € constituída para responder das obras de rexeneración da zona entre praias de Baluarte e Fontaiña xa que foron recibidas mediante acta de 20.07.04 por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. EXPTE. 1205/241.

17(398).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. MANUEL PAZOS OTERO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16058/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 30.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Manuel Pazos Otero, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 3 de marzo de 2006, interpón recurso de reposición contra a Resolución da Xunta de Goberno Local de 16 de xaneiro do mesmo ano, que lle foi notificada o 3 de febreiro, e na que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada, polos danos e perdas derivados dunha inundación no seu domicilio, por non resultar probada a existencia dun dano avaliábel economicamente.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- O Sr. Pazos alega que a resolución recorrida incorre nun erro, o que se deduce dos seguintes datos:

- *Que no Parte do servizo da Policía Local unido ó expediente maniféstase que o interior da vivenda estaba cuberto dunha capa de terra duns 10 cm de altura, causando danos no mobiliario.*
- *O video do estado da vivenda inundada.*
- *A declaración das testemuñas.*
- *O parte de inspección do Servizo de Vías e Obras e o informe de Aqualia, que considera reveladores dos claros indicios dos feitos ocorridos.*
- *A valoración de todos eses danos realizada polo perito xudicial D. Xosé Manuel Bautista Blanco, rendida no trámite do recurso de apelación nº 3096/2003 de la Sección Sexta de la Ilma. Audiencia de Pontevedra, con motivo do pleito seguido contra Construcciones Crespo S.A., pleito no que esta empresa foi exonerada e donde se fixa o valor dos danos en 3.378 euros.*

No entanto, no parte da Policía Local non consta a existencia de mobiliario danado no interior da vivenda e aínda que unha das testemuñas manifesta que os móbeis estaban estropeados, non describe os mesmos. O vídeo que menciona o Sr. Pazos non foi achegado ó expediente, e non existe no mesmo un ditame pericial que permita coñecer a relación dos enseres danados e o valor dos mesmos. O Sr. Pazos limitouse durante a instrución do expediente a achegar presupostos nos que consta o valor de reposición de determinados móbeis e outros obxectos e algunha factura de compra de libros supostamente danados no sinistro, pero estes documentos non proban dano ningún. O ditame pericial que achega co escrito de recurso non foi achegado ó expediente, sendo así que é de data 21 de novembro de 2003, e a resolución recorrida é de data 16 de xaneiro de 2006, é dicir, posterior en máis de dous anos ó devandito ditame. O artigo 79.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común establece que os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ó trámite de audiencia, aducir alegacións e presentar documentos ou outros elementos de xuízo, os cales, por imperativo legal, serán tidos en conta polo órgano competente ó redactar a correspondente proposta de resolución, do que se deduce que non procede a presentación dos mesmos en sede de recurso, polo que este ditame non será tido en conta, non desvirtuando a fundamentación da resolución recorrida.

Segundo.- Consonte o artigo 116 da Lei 30/1992 “os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os dictou”, polo que resulta competente para resolver o presente recurso a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o Recurso de Reposición interposto por D. Manuel Pazos Otero, con data 3 de marzo de 2006, contra a Resolución da Xunta de Goberno Local de 16 de xaneiro do mesmo ano, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(399).- PRODUCTIVIDADE DE D. MIGUEL MIRANDA PAN E D. LUIS RODRÍGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA POR SUBSTITUCIÓN NO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO- PRIMEIRO TRIMESTRE 2006. EXPTE. 16350/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 31.03.06, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 31.03.06, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

Por Resolución da Alcaldía de data 2 de novembro de 2005, nomease Presidente do Tribunal Económico administrativo en substitución de D Alfonso Ramos Covelo e ata a conclusión da Comisión de servizos conferida a este funcionario para o desempeño do cargo de Xerente no Consorcio Casco Vello de Vigo a D Miguel Miranda Pan, funcionario deste Concello e Secretario de dito Tribunal.

Na mesma resolución nomease a D Luis Cadarso de la Peña , funcionario municipal a Escala de Administración Xeral , Secretario accidental de dito tribunal, funcións que deberá compatibilizar coas que actualmente desempeña no seu posto de Xefe de Servizo de Patrimonio.

No apartado terceiro resolveuse que os devanditos funcionarios percibirán, durante o tempo que desempeñen as funcións mencionadas e en concepto de productividade a diferenza retributiva que poda existir entre os complementos de Destino e Específico dos postos dos que son titulares e os postos para os que se lle nomea provisional e accidentalmente

Fundamentos de dereito :

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de productividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuí-lo especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de productividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Consonte ás retribucións aprobadas polo Pleno deste Concello para os postos de Presidente do órgano de reclamacións económico-administrativas, secretario do órgano de reclamacións administrativas e xefe servizo patrimonio no ano 2005, co incremento legal do 2% para o ano 2006, as diferenzas entre os importes do Complemento de destino e específicos dos postos mencionados son os que siguen:

DIF MENSUAL C.D. PRESIDENTE ORGANOS RECLAM EC	IMPORTE MENSUAL 0,00
---	-------------------------

ADTVO/SECRETRAI O ORGANO RECLAMACIONES	
DIF MENSUAL C.E .PRESIDENTE ORGANOS RECLAM EC	
ADTVO/SECRETRAI O ORGANO RECLAMACIONES	52,02
DIF ANUAL CD SECRETRAI O ORGANO RECLAMACIONES/ XEFE	
PATRIMONIO	0,00
DIF MENSUAL CE SECRETRAI O ORGANO RECLAMACIONES/	
XEFE PATRIMONIO	830,87

Polo anteriormente exposto, a diferenza mensual entre o posto de Secretario do Organo de reclamacións económico-administrativo e o de Presidente do citado organo é de 52,02 € mensuais.

Así mesmo a diferenza entre o posto de Xefe de Patrimonio e o de Secretraio do organo de reclamacións económico administrativa é de 830,87 €

De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, computarase como días traballados os días de permisos e licencias se a produtividade conta cunha periodicidade e non se autorice día a día, como é o caso, polo que non procede efectuar descontos .

Consecuentemente, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, previo informe da intervención xeral, a seguinte proposta:

“Recoñecer e aboar ós funcionarios Sr. D.Miguel Miranda Pan , Secretario do organo de reclamacións económica administrativas, a cantidade de 156,06 euros, e a D Luis Cadarso de la Peña, Xefe do servizo de patrimonio, a cantidade de 2492,61€ en concepto de produtividade correspondentes o primer trimestre do ano 2005”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(400).- BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA CON CARÁCTER INTERINO DUNHA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 16376/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 20.04.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 12.04.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na cobertura con carácter interino dunha praza de técnico de Normalización Lingüística, encadrada no grupo A de titulación, escala administración especial, cometidos especiais.

2º.- Dar aprobación ás bases específicas que rexerán o proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordeando a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no

prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

ANEXO

“BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA CON CARÁCTER INTERINO DUNHA PRAZA DE TECNICO SUPERIOR DE NORMALIZACION LINGÜÍSTICA”

I.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

- a) *Ser español ou nacional dalgún estado membro da Unión Europea, de conformidade co previsto no artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro.*
- b) *Ter cumpridos 18 anos de idade, de conformidade co disposto no artigo 135 do Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, en redacción dada pola Lei 6 2/2003.*
- c) *Estar en posesión do título de licenciado en filoloxía galega.*
- d) *Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o exercicio das súas funcións.*
- e) *Non estar separado do servizo mediante expediente disciplinario da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.*
- f) *Non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.*
- g) *Carta de pagamento acreditativa de ingreso na Tesourería municipal do Concello da cantidade de 29,20 €.*

Os extremos contidos nos apartados a) e b) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade; o do apartado c) con xerocopia compulsada do título legalmente expedido; o do apartado d) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; os do apartados e) e f) mediante declaración xurada ó efecto, e por último o apartado g) achegando á instancia a carta de pagamento.

II.-SISTEMA DE SELECCION

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

III.-EXERCICIOS DA OPOSICION

Primeiro exercicio.- *De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.*

Consistirá en desenvolver por escrito no tempo máximo de 2 horas catro temas elixidos ó chou do temario anexo a éstas bases. Un tema corresponderá á parte xeral do temario e o resto á parte específica.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- *De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio, consistirá en desenvolver por escrito un suposto práctico relacionado co temario, no tempo de realización que acorde o tribunal cualificador.*

Avaliaráse de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Terceiro exercicio.- *Obrigatorio, aínda que non eliminatorio.*

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, consistente na corrección dun texto escrito en lingua galega.

Avaliarase de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

O Tribunal poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.
Unha vez rematadas as probas selectivas, nomearase funcionario/a interino/a o/a aspirante que obteña a maior puntuación unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas.

IV.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS

Será de 10 días hábiles a contar desde ó seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.

V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase no BOP. A lista de excluídos e as causas que o motiva, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboeiro de Edictos da Casa Consistorial, e no de anuncios dos lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderase presentar reclamación e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles.

VI.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: O da Corporación ou concelleiro/a en que delegue.

Secretario: Un/unha funcionario/a integrado/a no grupo A de titulación, escala admón. xeral, designado pola Alcaldía.

Vocais: Un/unha representante da Corporación; un/unha representante do Comité de Persoal; un/unha técnico/a superior de Normalización Lingüística, que deberá de ser funcionario da Xunta de Galicia ou ben dalgunha das entidades locais da provincia de Pontevedra, ou un/unha profesor/a de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes. Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os/as aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Tódolos membros do tribunal, agás o Presidente, deberán posuír titulación de igual ou superior nivel á requirida para ser nomeado. Asemade, todos os membros do tribunal actuarán con voz e voto. O tribunal poderá nomear asesores, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

O tribunal contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a da Unidade de Persoal do Concello, cuxa función será desenvolver as tarefas que lle sexan encomendadas polo tribunal cualificador cara á realización das distintas probas selectivas.

Os membros do tribunal e os asesores que se poidan designar por aquél e que asistan ás sesións do proceso selectivo percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do tribunal, en canto que órgano colexiado, rexerase polo previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

VII.- NOMEAMENTO

O nomeamento do/da aspirante proposto/a quedará sen efecto no momento no que se produza a incorporación da funcionaria titular do mesmo, actualmente en situación de servizos especiais.

O/a candidato/a nomeado/a percibirá as retribucións correspondentes ó posto de traballo de técnico/a superior de Normalización Lingüística, encadrado no Grupo A, escala técnica, administración especial, cometidos especiais, do vixente cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta esta oposición sen dereito a praza formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente nomeados/as como persoal interino (para o caso de producirse novas vacantes) ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais.

Dita lista terá validez ata a resolución da próxima Oferta Pública de Emprego, ou no seu defecto ata que se produza nova convocatoria de prazas con carácter interino.

TEMARIO

Parte Xeral

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.*
- Tema 2.- A Coroa, as Cortes Xerais, o Poder Xudicial e o Goberno na Constitución.*
- Tema 3.- Principios de actuación da Administración pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.*
- Tema 4.- Formas de actuación administrativa: fomento, policía e servizo público. A responsabilidade da Administración.*
- Tema 5.- Organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado. Organización central. Organismos públicos, organismos autónomos. Entidades públicas empresariais.*
- Tema 6.- O ordenamento xurídico comunitario. As súas fontes. Relación co dereito interno dos Estados. As liberdades básicas do sistema comunitario, libre circulación de mercadorías, de persoas, de servizos e de capitais.*
- Tema 7.- As institucións da Unión Europea. Organos executivos e os seus poderes. O Consello de Ministros. A Comisión. O Parlamento Europeo: composición e atribucións. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea.*
- Tema 8.- Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.*
- Tema 9.- A Xunta de Galicia e o seu Presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.*
- Tema 10.- A Administración Pública da Comunidade Autónoma. Estructura e funcións. A Administración periférica e institucional.*
- Tema 11.- O municipio. Elementos. Organización municipal e competencias dos distintos órganos. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.*
- Tema 12.- Ordenanzas e regulamentos. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos.*
- Tema 13.- Os funcionarios da Administración Local. Organización da función pública local. A oferta de emprego público e as relacións de postos de traballo.*
- Tema 14.- Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.*
- Tema 15.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacions e notificacións.*
- Tema 16.- Os bens das Entidades Locais: Concepto. Clases. Bens de dominio público local. Bens patrimoniais locais.*
- Tema 17.- Os orzamentos das entidades locais. O réxime xurídico do gasto das entidades locais.*

Tema 18.- Os contratos administrativos. Órgano de contratación, procedementos de contratación e formas de adxudicación.

Parte Específica

- Tema 1.- Panorama xeral da Historia de Galicia e da súa lingua. Fases.*
- Tema 2.- A formación do idioma. O substrato prerromano e a latinización.*
- Tema 3.- O galego-portugués medieval. Aportacións de superestrato. Os primeiros textos escritos.*
- Tema 4.- A situación lingüística de Galicia entre os séculos XVI e XVIII. A penetración do castelán.*
- Tema 5.- Os séculos XIX e XX. Evolución do conflito lingüístico. Castelanización e reivindicación cultural. A formación do galego estándar.*
- Tema 6.- Fonética e fonoloxía. Os signos suprasegmentais:acentuación e entoación.*
- Tema 7.- Gramática do nome: o xénero e o número. Substantivos e adxectivos. A comparación.*
- Tema 8.- Os actualizadores. Artigos, demostrativos e posesivos.*
- Tema 9.- Os pronomes. Tipoloxía e gramática.*
- Tema 10.- Gramática do verbo. As perífrasis verbais.*
- Tema 11.- Os verbos ter e haber, ser e estar como verbos predicativos ou auxiliares.*
- Tema 12.- O Adverbio, a preposición, a conxunción e outros nexos.*
- Tema 13.- A linguaxe administrativa. Características específicas. A formación da linguaxe administrativa en galego. Principais problemas.*
- Tema 14.- Aspectos ortográficos e morfosintácticos da linguaxe administrativa. Os signos gráficos e a puntuación. As maiúsculas. Siglas e abreviaturas.*
- Tema 15.- Aspectos léxico-semánticos da linguaxe administrativa. Termos patrimoniais,semicultismos e cultismos. Préstamos. A formación de palabras.*
- Tema 16.- Modelos de documentos administrativos. Cartas, oficios, instancias, informes, acordos, actas.*
- Tema 17.- Situación sociolingüística de Galicia, Bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico.*
- Tema 18.- Factores sociais do bilingüismo en Galicia. Lealdade lingüística, cambio lingüístico, prestixio e promoción social.*
- Tema 19.- Situación sociolingüística de Galicia. Coñecemento e usos lingüísticos.*
- Tema 20.- Situación sociolingüística de Galicia: Actitudes lingüísticas.*
- Tema 21.- O réxime xurídico lingüístico. A cooficialidade lingüística na Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia. A Lei de Normalización Lingüística de Galicia. A Lei de Uso do Galego polas Corporacións Locais.*
- Tema 22.- O galego na Lei de Función Pública de Galicia. Xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo sobre as linguas oficiais.*
- Tema 23.- A Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.*
- Tema 24.- Liñas xerais do proceso de normalización lingüística nos ámbitos educativo, institucional, socioeconómico e da comunicación.*
- Tema 25.- O papel das institucións, organismos públicos e organizacións sociais. Política lingüística na Administración Local galega: a intervención desde os concellos.*
- Tema 26.- Os servizos de Normalización Lingüística: definición,*

organización e funcións. Principais recursos para o traballo dun Servizo d e Normalización Lingüística.

Tema 27.- Os plans xerais de normalización lingüística. Criterios de elaboración.

Tema 28.- Definición e obxectivos da planificación lingüística. Dinamización lingüística.

Tema 29.- O galego actual: o galego estándar e as variedades. Problemática e avances na estandarización do galego.

Tema 30.- O galego común e as variedades xeográficas. Desviacións da norma: Vulgarismos, arcaísmos, hiperenxebismos, castellanismos e lusismos.

Tema 31.- Variedades estilísticas: Os rexistros e os tecnolectos.

Tema 32.- A terminoloxía en Galicia. Principios básicos do traballo terminolóxico.

Tema 33.- Semántica. Campos e trazos semánticos. Relacións semánticas.

Tema 34.- Lexicografía. Criterios e métodos do traballo lexicográfico. Os problemas léxicos e o manexo dos dicionarios.

Tema 35.- Galeguización de nomes e apelidos.

Tema 36.- Toponimia galega: marco normativo e comisión de toponimia.

Tema 37.- Sistemas consonánticos do galego. Fenómenos especiais.

Tema 38.- Fonotáctica.

20(401).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN CONTRA BASES DO CONCURSO DE TRASLADOS CORRESPONDENTES AO ANO 2005. EXPTE. 16399/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 20.04.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. No BOP nº 14, do venres 20 de xaneiro de 2006, foron publicadas as bases do Concurso de Traslados para o ano 2005, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2005.

2. En escritos de datas 01/02/2006 (documento nº 60010916) e 07/02/2006 (documento nº 60013183) o funcionario D. José Manuel González Ucha -con DNI 36.046.380-K e nº de persoal 17.101- presenta sendos recursos de reposición contra as bases do concurso citado, o primeiro deles contra os requisitos establecidos para o posto de vixiante, e o segundo contra a base II, punto 7 do referido concurso en canto aos requisitos para tomar parte no posto de xefe de subalternos.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. Os recursos de reposición presentados reúnen os requisitos obxectivos e temporais que para a súa admisibilidade esixen os artigos 116 e 117 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999; en consecuencia, cómpre admitilos a trámite e proceder á súa resolución.

II. En relación co recurso presentado o 01/02/2006 (documento nº 60010916) -no cal o recorrente solicita que para os postos de vixiante, ademais do persoal laboral, poida presentarse o persoal funcionario subalterno de admón. xeral- cabe sinalar que para optar a calquera dos 4 postos previstos nas bases do concurso de traslados resulta

requisito necesario pertencer á categoría de persoal de oficios e ao grupo E de titulación, suxeitos ao réxime xurídico laboral por tratarse de postos de traballo reservados ao persoal laboral.

Como sinala o artigo 89 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, o persoal ao servizo das Entidades Locais estará integrado, ademáis de por funcionarios de carreira e persoal eventual ou de confianza, por persoal contratado en réxime de Dereito laboral; o anterior implica a diferenza no réxime xurídico aplicable ao persoal laboral con respecto á normativa que resulta de aplicación ao persoal funcionario (Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do texto refundido do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, do texto refundido da Lei de Procedemento Laboral, entre moitas outras normas) sempre sen prexuízo da preservación do principio constitucional de igualdade recollido no artigo 14 da vixente Constitución de 1978. Non parece posible que persoal funcionario poda concursar a un posto de traballo reservado a persoal laboral, debido á alteración do contido da relación de servizo que implicaría para o dito funcionario.

A maior abundamento, sinalar que a decisión de reserva dos postos de traballo para persoal laboral ou para persoal funcionario corresponde ao Pleno da Corporación, como dispón o artigo 90 da citada Lei 7/1985, a través da aprobación da plantilla e cadro de persoal, como así se fixo por acordo do Pleno do Concello de data 28/02/2005 aprobatorio do cadro de persoal presupostario e relación de postos de traballo para o ano 2005 (BOP nº 24, do martes 7 de xuño de 2005);consecuentemente, non parece procedente estimar o recurso presentado.

III. En canto ao segundo dos recursos, presentado o 07/02/2006 (documento nº 60013183), os motivos alegados poden resumirse en un: a arbitrariedade da base II, punto 7 e a súa natureza ilegal e de instrumento modificador da vixente Relación de Postos de traballo (RPT) do Concello, con infracción da doutrina dos actos propios e contrariedade á Xurisprudencia.

En sesión de data 10/04/2006 a Xunta de Goberno Local acordou proceder á rectificación dos erros detectados na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (expediente nº 16.364/220); en concreto, acordouse que, por relación ao posto de traballo 201.01 da Unidade 5.1.5-Código 201 (Conserxeria) no posto 201.01 “Xefe Subalternos”, con respecto a escala figura “AG-AE”, deba decir unicamente “AE” (Administración especial), tendo en conta os cometidos a desenvolver por dito posto, que cabe reseñar son propios da escala de administración especial, subescala servizos especiais-cometidos especiais.

Deste xeito, o recurso presentado carece de todo fundamento, dado que á data de hoxe existe plena coincidencia entre o previsto na actual RPT para o posto de “xefe de subalternos” e na base II, punto 7 obxecto de recurso en canto aos requisitos para a provisión do mesmo, atopándose actualmente o acordo de rectificación pendente de publicación no BOP. Dáse así cumprimento efectivo ao previsto nos artigos 15 e 16 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública invocados polo recorrente.

IV. Vistas as competencias en materia de persoal recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e a proposta do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO.- Desestimar os recursos de reposición formulados por D. José Manuel González Ucha, con DNI 36.046.380-K, en escritos de datas 01/02/2006 (documento nº 60010916) e 07/02/2006 (documento nº 60013183), en atención aos fundamentos xurídicos expresados.”

“SEGUNDO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

21(402).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXIANZA DOS CENTROS CÍVICOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 922/321.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 4.04.06, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, a delegada de Goberno da Área de Participación Cidadá e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 80.000 euros/ano para a prestación dos servizos de Vixancia dos Centros Cívicos dependentes da concellaría de Participación Cidadá que se imputarán á partida presupuestaria 4631 227 01 00 do vixente presuposto e dos anos 2007 e 2008.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo, do 11.04.06, xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de Vixancia dos Centros Cívicos dependentes da concellaría de Participación Cidadá, do 12.01.06, que constan no expediente.

3º.- Convocar o procedemento para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

22(403).-OBRAS E SERVIZOS PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN, ANO 2006. EXPTE. 3710/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 21.04.06, que di o seguinte:

O Plan municipal de emprego 2004-2007 foi aprobado, por unanimidade, o 26 de xaneiro de 2004 e contempla, para a promoción do emprego, os “Programas de contratación para a inserción”, que engloban ao Programa Bial (de financiamento exclusivamente municipal) e aos Programas de cooperación e Labora (subvencionados pola Xunta de Galicia).

A Orde do 23 de marzo de 2006 da Consellaría de Traballo regula a convocatoria dos Programas de Cooperación para o ano 2006, pola que se subvenciona a contratación, por parte das entidades locais, de persoal traballador desempregado con especiais dificultades de inserción, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social. Así, a través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais, segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade que o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.

É por isto que Desenvolvemento Local e Emprego solicitou dos diferentes departamentos municipais a elaboración de proxectos de actuación de interese para o seu ámbito competencial que puideran acollerse a esta subvención, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias da plantilla municipal, que a formación obrigatoria do persoal traballador é responsabilidade do departamento ao que estes se adscriban, segundo o Acordo regulador vixente para beneficiarios/as de programas de emprego no Concello de Vigo e que, así mesmo, os custos de materiais, de funcionamento e cartel explicativo deben ser asumidos por cada departamento.

Para o presente ano 2006, de resultas desta solicitude enviada, os distintos departamentos municipais presentaron unha batería de 8 proxectos para a contratación de 156 traballadores/as naqueles ámbitos nos que, seguindo as indicacións dos/as seus/súas responsables técnicos e concelleiros/as, existía unha maior necesidade de actuación; o

custo salarial destas 156 contratacións ascende, aproximadamente, a 988.434,06 €, aplicando o Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007.

Así, no cadro adxunto resúmese os datos básicos dos proxectos que potencialmente poderán ser presentados á convocatoria de Programas de Cooperación neste ano 2006, especificando, para cada un deles, o número e perfís dos/as traballadores/as solicitados/a, a duración da obra ou servizo e o custo salarial (que equivale á subvención que se solicita).

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1) Aprobar as memorias para presentar á convocatoria de Programas de Cooperación 2006, que se resumen no cadro adxunto.
- 2) Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 988.434,06 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.
- 3) Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de ser aprobados pola Xunta de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade do precedente informe, acorda:

1º.- Aprobar as memorias para presentar á convocatoria de Programas de Cooperación 2006, que se resumen no cadro adxunto.

2º.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 988.434,06 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de ser aprobados pola Xunta de Galicia.

RESUMO DAS SOLICITUDES DOS DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS

PROGRAMAS DE COOPERACIÓN					
Departamento municipal solicitante	Denominación do proxecto (servizos / obras)	Traballadores/as	Total traball.	Duración (meses)	Custos salariais (Subvención solicitada)
Turismo	Itinerarios turísticos polo centro de Vigo	3 diplom. empresas e activ. turísticas	3	6	21.775,50 €
	Análise estatístico	2 diplom. empresas e activ. turísticas	2	6	14.517,00 €
IMD	Mellora da accesibilidade das instalacións deportivas	1 oficial albane. 1 oficial pint. 1 oficial fontaneir. 1 oficial electricist. 4 peóns mantemento	8	6	50.602,80 €
Vías e obras	Conservación de vías e espazos públicos	1 arquit. técnic./enxeñeir. técnic. obras públicas 1 auxiliar admtvo. 7 oficiais albane. 2 oficiais canteir. 1 oficial carpinteir. 2 oficiais ferreir. 2 oficiais fontaneir. 8 oficiais pavimentador.	73	6	460.824,18 €

		2 oficiais pint. 5 oficiais condutor. de motoniveladora 10 oficias condutor. 32 peóns			
Montes, Parques e Xardíns	Recuperación paisaxística de parques urbanos	1 enxeñeir. técn. agrícola ou forestal 3 oficiais condut. 1 oficial fontaneir. 1 oficial ferreir. 3 oficiais xardineir. 3 oficiais albane. 9 peóns xardin.	21	6	133.084,62 €
	Adecuación arquitectónica de parques	1 enxeñeir. técn. agrícola ou forestal 4 oficiais condut. 1 oficial fontaneir. 6 oficiais alban. 9 peóns alban. 9 peóns xardin.	30	6	188.949,30 €
Electromecánicos	Integración e reforzo de liñas de alumeadado público	1 enxeñeir. técnico industrial (electricidade) 4 oficiais electricistas 2 oficiais condutores 8 peóns	15	6	95.172,66 €
Persoal	Modernización da xestión do servizo de RR.HH	4 auxiliares administrativ.	4	6	23.508,00 €
TOTAL	8 MEMORIAS		156		988.434,06 €

23(404).-ASISTENCIA DA XEFA DO DEPARTAMENTO DA MULLER AO CURSO “XÉNERO E POLÍTICAS DE IGUALDADE”. EXPTE. 2387/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 10.04.06, conformado pola concelleira de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Colaborar coa “Cadeira de Estudos Feministas Caixanova”, como entidade que organiza cursos especializados no eido da muller, co aboamento das taxas de matrícula do curso “Xénero e Políticas de Igualdade” da xefa do departamento da muller.

2º.- Autorizar o gasto de 1.300 euros (mil trescentos euros), desglosado do seguinte xeito:1.000 euros con cargo á partida 463 2 1620000 (“formación” da Concellería da Muller) e 300 euros con cargo á partida 121.1.1620000 (“xeral de formación” da unidade de persoal) do orzamento en vigor, para facer fronte ós gastos que orixina a matrícula do Curso “Xenero e Policitas de Igualdade” da xefa do departamento da muller Cristina Gómez García, no marco dos obxectivos do “II Plan municipal contra a violencia de xénero 2004-2007” e no “III Plan municipal de Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres 2005-2007” que contemplan medidas que favorezan a formación do persoal técnico municipal en materia de igualdade e no eido da violencia de xénero

3º.- Aprobar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 1.300 euros.- (mil trescentos euros), a nome da funcionaria Cristina Gómez García, con NIF: 36.098.882-Z, técnica da

oficina da muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.

24(405).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás catorce horas e dezaoito minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.